

# E A VIDA CONTINÚA

Abbas Kiarostami, 1991

# 941

ESTREA EN NUMAX: 07.06.2022 | V.O.S.E. | TP | 96 min.

Despois dun terremoto que en 1990 deixou 30.000 mortos. Kiarostami regresa á vila de Koker, onde a súa cámara examina non só a devastación, senón tamén a abundante vida que continúa ao seu paso. Combinando ficción e realidade nunha road movie lúdica e conmovedora E a vida continúa segue un director de cine quen, xunto co seu fillo, fai a difícil viaxe á rexión coa esperanza de descubrir se a estrela do seu filme Onde está a casa do meu amigo? está entre os superviventes.

«Un filme que nega incluso o máis rudimentario dos arcos dramáticos: non pasa nada e, sen embargo, a vida estala por todas partes»

Sean Axmaker, PARALLAX VIEW



## «Un mundo que se abre ante os nosos ollos por primeira vez»

Por Martín Farina

Entre 1987 e 1997 Kiarostami filmou entre outros filmes notables *Onde está a casa do meu amigo?*, *Close-Up*, *E a vida continúa*, *A través das oliveiras* e *O sabor das cereixas*. Coido que entre estes títulos se atopa gran parte do corazón da experiencia cinematográfica contemporánea. Cinco verdadeiras proezas que restitúen nun sentido inédito o significado de dúas cuestións fundamentais respecto a afirmación anterior: que significa emprender unha viaxe e que significa chegar a casa?

Atreveríame a dicir que o cinema de Kiarostami é unha resposta a estas dúas preguntas. Alí, nos espazos de tempo que atravesada cada un dos seus planos, Kiarostami describe un destino e unha dificultade que os diversos personaxes deberán percorrer en forma de distancias que os separan fundamentalmente de dúas cousas: da posibilidade de acadar o mundo e acadarse a si mesmos. Creo que a partir deste dobre movemento se constrúe a poética impacable de Kiarostami. O elemento clave é a distancia. Para que haxa unha viaxe é necesario que haxa cando menos unha distancia que suprimir. Quen soubera establecer esa distancia terá acceso á complexidade da alma humana.

Kiarostami pon o espectador a unha distancia precisa do peregrinar dos seus personaxes e tamén fai o mesmo coa distancia que separa o personaxe do seu obxectivo por cumprir. O outro elemento clave que organiza a narración de Kiarostami é o fóra de campo, é dicir, todo aquilo que non se ve pero que sen dúbida determina o que si estamos a ver. Por exemplo, o tempo que tarda Ahmed en chegar até a casa do seu compañeiro para lle devolver o libro que esqueceu na escola permítenos ver unha serie de aventuras que ben poderían pertencer a unha orde cósmica e que lonxe de determinar a conxuntura dos impendimentos que fan que Ahmed chegue axiña a casa, elevan a narración a un tempo inmemorial/pretérito que nos permite comprender, entre outras cousas, o problema do analfabetismo en calquera recanto do planeta.

Por iso, esta distancia en cuestión non é só temporal senón tamén e fundamentalmente inmemorial, é dicir, unha distancia que nos pon aos espectadores nunha perspectiva horizontal, paralela respecto das circunstancias que rodean o personaxe. Kiarostami soubo como ninguén confundir, tamén, esa distancia que separa o espectador de si propio á hora de ollar un filme. Cal é daquela o lugar a onde se conduce? O espectador que se entrega a ver un filme reflexiona, volve sobre si, interpreta, reordea, emociónase e comprende (ou non) o sentido que lle depara aquilo que ve. Kiarostami desenvolve os seus personaxes con plena consciencia desa distancia e consecuentemente expándea. E se un dos dous movementos da súa poética é o que percorre a distancia interior do personaxe respecto de si mesmo, é xustamente esa mesma distancia: a imaxe do espectador que se configura no universo Kiarostami. Porque Kiarostami proponnos un acto de sensibilidade extrema, non supón a posibilidade de ningún coñecemento previo ao feito de ver, no cinema, e así o mundo ábrese ante os nosos ollos por vez primeira. Nese espazos suspendido de tempo, sentado nunha butaca, asistimos á posibilidade de ser unha unha vez máis, por primeira vez na vida. Ese é o lugar ao que cómpre regresar. E iso é un verdadeiro milagre.